



DOSSIER DE PRENSA

festival
internacional
do Mundo Celta de
Ortigueira
11-14 Xullo 2019

declarado de interese turistico internacional



CRIATIVO
F. CARUNCHO
YAGO GR.



Concello de
Ortigueira



BENVID@S AO MUNDO CELTA!

#ORTIGUEIRA
O FESTIVAL, HISTORIA
LOXÍSTICA

CONCEPTUALIZACIÓN E SLOGAN: #EightNationsOneCulture
CARTEL: BREOGÁN/A UNIÓN DAS 8 NACIÓNS CELTAS EN ORTIGUEIRA
SPOT: A UNIÓN DAS 8 NACIÓNS CELTAS EN ORTIGUEIRA
MÚSICA: CREACIÓN TEMA PROPIO DO FESTIVAL

PROGRAMACIÓN 2019

PROGRAMACIÓN DIARIA
ESCENARIO ESTRELLA GALICIA
BANDAS DE GAITAS E ACTIVIDADES MUSICAIS A PÉ DE RÚA
EXPOSICIÓN
OBRADOIROS E CURSOS
FEIRA DE ARTESANÍA
FESTIVAL NO TEATRO, NA IGREXA E NA PRAZA
CONCURSO DE NOVOS VALORES MÚSICA FOLK - "PROXECTO RUNAS"
BANDAS 2019
RECOMENDACIÓN E INFO PRÁCTICA
zona de ocio
aparcadoiros vixiados
liña de buses urbanos
teléfonos de interese
AMIGAMOS? CONTACTOS E AGRADECIMENTOS

1. BENVID@S AO MUNDO CELTA!

1.1 #ORTIGUEIRA

Sobre o mapa, este territorio do norte de Galicia destaca polo seu tamaño. A localidade, de pouco máis de 7.000 habitantes, situada a metade do camiño que une Ferrol e Viveiro, constitúe un espazo rural por descubrir que apenas adiviña, na súa magnitude, quen a visita cada ano para gozar do folk e da festa global do Festival do Mundo Celta.

A súa ría protexida de importancia internacional, unha costa salvaxe, allea ao boom do ladrillo, o seu patrimonio rehabilitado, a boa mesa e a hospitalidade das súas xentes converten o municipio en destino perfecto para quen procure a tranquilidade e non se conforme con sol e praia. Se che quedan enerxías despois da noite de concertos, propoñémosche a mellor actividade paralela. Colle o necesario, e aproveita o día para perderte por esa Ortigueira descoñecida; recomendable para visitar sen afogos.

CHEGAR: a principal vía de comunicación é a estrada AC-862 de Ferrol a Foz e Ribadeo, que se une en Neda coa AP-9 pola que se chega á Coruña (99 Km). A distancia ata Ferrol é de 53 Km. Outra posible opción, dende Madrid, é coller a autovía A-6 ata o desvío de Rábade (saída 510) ou Baamonde (saída 523). Pasando por Vilalba e As Pontes, chégase a Ortigueira pola AC-101. (ver na web www.festivaldeortigueira.com todas as opcións de transporte público).



1.2 O FESTIVAL



O Festival do Mundo Celta de Ortigueira **nace** dun proxecto que os membros da **Escola de Gaitas** idean tras unha visita ao Festival de Lorient en **1978**.

Obtén os galardóns de Interese Turístico Galego e Nacional e, en 2005, é declarado **Festa de Interese Turístico Internacional** polo Ministerio de Industria Español, converténdose así nunha plataforma dende a que o mundo enteiro coñece Ortigueira e a súa comarca. En 2014 obtén o **Premio Cultura Galega** na modalidade de música.

Nas súas pasadas edicións, foron máis de **70.000 persoas** as que acudiron a este evento cultural. Non hai dúbida de que a calidade artística e cultural acadada polo Festival, non se verá minguada en futuras edicións. Ano a ano, aumenta o investimento en infraestruturas, servizos e recursos humanos para poder acoller á gran cantidade de persoas rexistradas e poder garantir en todo momento a súa seguridade e desfrute.

Todo isto, implica un importante esforzo económico no que o Concello de Ortigueira está totalmente inmerso xunto cos patrocinadores públicos e privados. Cos novos criterios de xestión instaurados, o Festival consolídase definitivamente como referente cultural e un importantísimo motor económico.

1.3 LOXÍSTICA

Para o Concello de Ortigueira, é unha proba anual a nivel de producción e organización. A presenza de máis de 70.000 persoas e a mobilización duns 10.000 vehículos fan que a operatividade sexa máxima. Por todo isto, a organización pon a disposición do Festival máis de 100 efectivos de Protección Civil así como seguridade privada. Así mesmo, increménтанse os servizos de policía e emerxencias médicas. Durante o Festival, increménたse a frecuencia e o número de transportes públicos para chegar a Ortigueira. Negociáronse tarifas especiais con empresas de trens e autobuses para unha maior comodidade dos asistentes. Habilitaranse zonas de aparcadoiro para uns 15.000 vehículos. Un ano máis, Morouzos será a zona de descanso.



1.4 CONCEPTO E SLOGAN: #EightNationsOneCulture

Tras 40 anos desde o primeiro festival de Ortigueira, neste 2019 deseñouse unha edición moi especial. Queremos volver á orixe da cultura que empapa esta celebración musical, cultural, social e histórica. Por iso desde Ortigueira realizase un chamamento ao resto de nacións celtas, invitándoas a compartir con nós un novo festival. Este feito é orixe do cartel deste ano, e é o espírito que percorrerá toda a edición. Chamados por Breogán (reencarnado no gaiteiro), representantes das restantes sete nacións celtas dirixense a Ortigueira movidos por un espírito de comunidade, por unha música, por unha cultura e historia comúns. Todo iso viviremos en Ortigueira este ano.

HISTORIA

Este ano desde a dirección do festival apostamos por facer algo diferente. O peso comunicacional do 40 aniversario fora forte, e facía falla atopar un estímulo que mantivese ou superase o nivel. Por iso pensamos en tentar transmitir a importancia do festival dunha maneira didáctica. E que é o que ocorre en Ortigueira cada ano?

Persoas de todas as partes do mundo xúntanse durante 4 días en Ortigueira para gozar da música Celta nun ambiente de cordialidade, respecto e natureza.

Para comprimilo e enfocalo tematicamente, pensamos que a mellor maneira sería contar unha historia. E se como é o noso caso, a historia é parte da Historia, pois moito mellor.

Para chegar á historia fixemos un traballo de conceptualización e fabulación do propio contido da historia a contar.

CONCEPTUALIZACIÓN

Persoas de todas as partes do mundo xúntanse durante 4 días en Ortigueira para gozar da música celta nun ambiente de cordialidade, respecto e natureza.

Ortigueira invita a persoas de todo o mundo que lles gusta a música celta a gozar de 4 días de música e convivencia, convertendo a vila na capital das nacións celtas durante 4 días.

Ortigueira convoca ao resto de nacións celtas a xuntarse 4 días a tocar, comer e convivir xuntos. Representantes das 8 nacións celtas danse cita en Ortigueira durante 4 días a tocar, comer e convivir xuntos.

Ortigueira (Galicia) fai a chamada ao resto de nacións celtas (Asturias, Escocia, Irlanda, Bretaña, Gales, Cornualles e Illa de Man) para que acudan a tocar xuntos.

1.5 CARTEL: A UNIÓN DAS 8 NACIÓNIS CELTAS EN ORTIGUEIRA

CONCEPTO

Breogán, anfitrión e protagonista principal da ilustración, chama a reunirse en Ortigueira as 8 nacións celtas. O deseño é autoría do novo ilustrador ortegano, Cristian F. Caruncho.

SOBRE O AUTOR

"Cando penso no noso festival penso nas noites de concertos, rodeado de xente moi diferente, saltando, bailando, cantando e ondeando as bandeiras, todos unidos. Os músicos son os grandes protagonistas do cartaz, novos e vellos, tradicionais e modernos, daquí e d'acolá, todos envoltos na enerxía do Festival de Ortigueira. Ó fondo, un protagonista máis: Morouzos, sen o cal non se poderían entender estes días.

Quisen representar cada nación celta cun músico típico do seu folclore: dende a punkreteira de Asturias ó Bodhran de Cornualles, pasando pola arpista de Gales. Os artistas están baseados

nalgúns músicos que lembro con especial cariño ,coma as rapazas irlandesas da Dominic Graham School of Irish Dance, que xa son habituais do festival, ou o gaiteiro escocés baseado na Treachorous Orchestra que dera un concerto inesquecible aló polo 2014. Todos eles baixo a ollada chea de esperanza dun vello gaiteiro, que agora ve como a música que el tocou segue hoxe máis viva ca nunca, mesturada con novos ritmos, nas novas xeracións.

É un cartaz feito dende o agarimo a un Festival que levo disfrutando dende que era un neno, no que tentei amosar o que para mi son esos días mágicos do ano, nos que esta terra alonxada de todo se converte no centro do mundo celta, un punto de xuntanza, de mestura total, onde milloiros de persoas moi diferentes se reúnen ó redor da música celta buscando diversión e liberdade."



Á hora de elixir os **personaxes**, recorremos a unha **mestura entre o real e o fantástico**, entre o **presente e o pasado**, recompilando lendas e mitos, mesturándoo con personaxes reais, ata atopar un elenco de músicos que representaban á perfección o espírito de universalidade, tolerancia, convivencia e unión que desexabamos transmitir.

Presentámosvoles a continuación:



Galicia



Asturias



Cornualles



Gales



Bretaña



Escocia



Illa de Man



Irlanda



Galicia

Breogán naceu en Ortigueira hai 55 anos. Desde pequeno sentiu a chamada da gaita. O seu pai tamén gaiteiro, marchaba de paseo e sendo el aínda neno, collíalla ás agachadas para comezar a practicar. O día más feliz da súa vida foi no que o seu pai lle mercou a primeira gaita. Din que cando toca, os paxaros e outros animais do bosque, calan para escocitalo. Sempre está dispoñible para todos para tocar, non importa se é de día ou de noite, se é nun aniversario ou nunha foliada, sempre se pode contar con el. Das súas viaxes polo mundo coñeceu moita xente, e este ano quere facer a maior xuntanza de músicos Celtas na súa vila.



Gales

Wendy Diminutivo de güendolina (Galés) A de pestanas brancas. Nada en Casnewydd (Newport) sempre foi unha nena bastante tímida. Gustáballe agocharse entre as barcas do porto e xogar cos cangrexos. Un día no que os seus pais a levaron a Cardif, asistiu ao seu primeiro concerto, e viu a unha moza de cabelo avermellado como ela, tocar unha arpa por primeira vez. A súa impresión foi tan forte, que non cesou no seu empeño ata que os seus pais lle pagaron o primeiro curso de arpa. Ao ser un instrumento non moi barato, Wendy traballou durante 6 anos na cafetaría do conservatorio ata que puidó pagarse un arpa propio. Ningún toca mellor a arpa en todo Gales do sur.





Irlanda

Deirdre (Heroína tráxica) e Brigid (Deusa do lume e da poesía)

É evidente que son xemelgas, pero a verdade é que non se parecen en máis nada que no seu amor polo baile. Naceron en Coleraine. Brigid é a maior, pois naceu uns segundos antes que a súa irmá, á que lle custou un pouco máis saír. Brigid é moito más accougada e reflexiva que Deidre, que sempre estaba armando leria xa desde pequena. A súa nai pensou que o baile era unha boa terapia para unilas e tamén descansar un pouco. Tamén é certo que nacendo en Coleraine é case obrigado passar pola escola nalgún momento. Pois así foi como chegaron á Dominic Graham School of Irish Dance. Cando bailan, as súas diferenzas desaparecen, ata á súa propia familia, que a diario as recoñece sen dúbida, cástalle distinguíllas cando están no escenario.




Asturias

Deva (Deusa) Naceu en Mieres.

Xa desde pequena os seus pais souberon que era unha nena diferente. No colexio era o centro de todas as reunións, era moi boa estudiante, pero castigábana a miúdo por alborotar nas clases. Foi delegada e montou a súa primeira folga cando non lles deixaron disfrazarse no entroido.

Ás veces encerrábase soa no seu cuarto durante horas, sen parar de tocar unha pequena batería de plástico que herdara do seu irmán maior, e na que case xa non cabía. A pandeireta cambiou a súa vida. Desde o primeiro día que a colleu, entendeu que era o seu instrumento, pois permitíalle cantar e bailar mentres marcaba o ritmo. Levaba anos vindo a Ortigueira como público, e hoxe co seu grupo, percorre escenarios de todo o país.





Cornualles

Tristán (o que non amosa a súa tristeza)

Naceu en Truro, moi pretiño da catedral. De pequeno gustáballe ir sentarse nos chanzos da entrada e ver entrar e saír á xente. Foi alí onde coñeceu ao seu mestre de Bodhram, pois era un músico da rúa que se gañaba a vida tocando diante da catedral. Foi perdendo a súa vergoña (semprile custou un pouco socializar) aos poucos, e fóreronse facendo amigos. Un día Merlot (así se chamaba aquel home) construíulle un pequeno Bodhram ao seu tamaño. Tristán deu a volta á catedral dando saltos de alegría. Hoxe é un percusionista recoñecido en toda Europa.



festival
internacional
do Mundo Celta de
Ortigueira



Bretaña

Eleonor (Faísca)

Sendo de Lorient, o normal sería que se afeccionase á música Celta, mais tardou moitos anos. De feito a maior parte da súa vida non quería nin escoitala. Era demasiado para ela. Rodeábaa por todos lados. Sempre moi independente, preferiu aprender frauta doce, aínda que só fora por levar a contraria. Un día a súa moza animouna a achegarse a un concerto do festival despois de cear. A ela non lle apetecía nada, pero por non discutir (esta vez) animouse. Tras os tres primeiros temas apareceron un grupo de estranxeiros de Galicia (ao noroeste de España) dunha pequena localidade que se chamaba Ortigueira. Eran moi simpáticos e acabaron todos xuntos vendo o amencer desde o Boulevard de Toulhars. Ao ano seguinte devolveron a visita a os "galicianos", e foi alí onde tocou a Bombarda por primeira vez. Sen saber por que, aquel son, aquel ambiente, atrapouna para sempre. Hoxe non tes más que chamala e apúntase a tocar en calquera banda.





Escocia

Brian (o que é forte)

Naceu en Braemar, e sempre foi un neno grande, e feliz. Todos díen que é a viva imaxe do seu pai, e el está encantado de ser. Foi quen lle aprendeu a tocar a gaita cando a gaita era ainda máis grande ca el, e levába por Escocia adiante seguindo os Highland games. Nunca esquecerá o día en que gañou o trofeo xuvenil de só para gaita na súa vila. Toda a familia estaba alí. Todos animaron a presentarse e todo o pobo estivo anos lembrándollo. A gaita é a súa vida, se pagouse a súa carreira de económicas tocando a gaita en Edimburgo. Sempre contento, e sempre entregado á música.



Illa de Man

Ellan (Illa)

Naceu en Douglas, e desde pequena encantáballe facer cousas soas. Construía casas na beira do río, feitas por ela o alto das árbores. Podía pasar horas coas madeiras facendo obxectos. Un día enfadouse moito porque o dono do kiosco ao que adoitaba ir díolle que o submarino que construíra non se afundiría. Foise soa ao río e tirouno. Ao ver que non se afundía, atoulle unha pedra, volvveu con el ao dono do quiosco e díolle que non sabía nada de submarinos. Fíxose o seu primeiro violín, e a súa nai (crendo que era unha afección máis construtiva que construír) cambioullo á noite por un de verdade. Desde ese día non se despegou do seu violín. Sen saír da illa, creou un grupo de música con outros amigos do instituto, e percorreron todas as vilas recollendo cancións tradicionais que cantaban os homes e mulleres de toda a illa. Ese disco levounos de xira por todo Reino Unido. Hoxe creou a súa propia escola de música e percorre o mundo colaborando con diversas formacións.



1.6 SPOT: A UNIÓN DAS 8 NACIÓNS CELTAS EN ORTIGUEIRA

Dirixido por Quique Otero.

Esta peza resume o espírito do festival deste ano. A través da música, as 8 nacións celtas acoden desde os seus países de orixe á chamada de Ortigueira, uníndose para tocar no festival.

A peza audiovisual: temos como participantes na peza, entre outros, a Adam Rhodes, guitarrista da Illa de Man; Lauren MacColl, violinista de Escocia; Ronan Pellen, bouzoukista bretón; Seis Riales, grupo de pandeireteiras asturianas e por suposto, a Escola de Gaitas de Ortigueira

Gravada en **Galicia, Asturias, Glasgow, Edimburgo, Cardiff e Cornualles**

1.7 MÚSICA: CREACIÓN TEMA PROPIO DEL FESTIVAL

Como non podía ser doutra forma, se este ano xuntamos a músicos das 8 nacións celtas, loxicamente componerase un tema que as una. Por iso este ano o Festival contará cun tema oficial, composto especialmente para esta edición.

2. PROGRAMACIÓN DIARIA



XOVES 11 DE XULLO

INAUGURACIÓN

20 h - PRAZA DE ISABEL II.

Presentación do Festival na Praza do Concello coa presenza de patrocinadores e artistas,
Actuación da **Escola de Gaitas de Ortigueira**, - **PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND, BAGAD KERLENN PONDI**.

Tras a presentación das autoridades e patrocinadores, a Escola interpretará o **himno galego**,
procederse ao **izado das bandeiras das 8 nacións celtas**.

Posteriormente, as bandas dirixiranse á **Alameda**, onde terá lugar un **concerto** na explanada. A
partires das 22 h comezarán as actuacións no escenario Estrella Galicia.

22 h ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

- TÚA, DEQUENVESSEND E YUKI KOJIMA BAND (FINALISTAS RUNAS 2019)
- STOLENNOTES - Andalucía
- GWENDAL - Bretaña

VENRES 12 XULLO

12.30 h Pasacalles
Avda. Escola de Gaitas (Gadis) - Avda. As Pontes - Alameda.

13 h Pasacalles:
Biblioteca – R/ X. Buíde - R/ Eugenio Lopez - R/Fco Santiago - Cantón - Alameda.

18 h Igrexa de Santa Marta
24 INSTRUMENTOS POPULARES GALEGOS. Xesús Vaamonde - Xosé Lois Romero

18.30 h Pasacalles:
Biblioteca - R/Xose Buide - Avda. Escola de Gaitas - Avda. Cuba - Cantón.

19.30 h Pasacalles:
R/ Magdalena -R/Carmen - Cantón - Alameda.

22 h ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22.00 h PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND - Escocia
23.00 h ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA - Galicia
00.00 h THE MOVING HEARTS - Irlanda
01.30 h ANXO LORENZO BAND - Galicia
03.00 h PROJECT SMOK - Escocia

SÁBADO 13 DE XULLO

12.30 h Pasacalles
Avda. Escola de Gaitas (Gadis) - Avda. As Pontes - Alameda

13.30 h Pasacalles
Biblioteca - R/Xose Buide – Avda. Penela

18.30 h Pasacalles
Biblioteca - R/Xose Buide - R/Eugenio Lopez - R/ Fco Santiago - Cantón- Alameda

19.30 h Pasacalles
Biblioteca - R/Xose Buide - Avda. Escola de Gaitas - Avda. Cuba - Cantón

20 h Teatro de Beneficencia
Anxo Lorenzo, + DubhLinn (Galicia - Irlanda)
DubhLinn son Blackie O Connell, Cyril O'Donoghue e Eoghan Neff

22 h ESCENARIO ESTRELLA GALICIA

22.00 h BAGAD KERLENN PONDI - Bretaña
23.00 h DOMINIC GRAHAM SCHOOL OF IRISH DANCE - Irlanda
00.30 h SHOGLENIFTY - Escocia
02.00 h FLOOK - Inglaterra
03.30 h BELTAINE - Polonia

DOMINGO 14 DE XULLO

11.30 h DESFILE DE BANDAS DAS NACIÓN CELTAS

Alameda - Avda. As Pontes. Avd. Escola de Gaitas (Gadis) - Avda. Escola de Gaitas - Cruce da Praia (A Perla)- R/Xose Buide - R/Fco Santiago - Cantón.

17 h Teatro de Beneficencia

Programa de Radio Galega "Lume na Palleira", dirixido por Emilio Españadero.

18 h Praza do Concello

Actuación da Banda de Gaitas

19 h Praza do Concello

Actuación da Banda de Gaitas

22 h ESCENARIO ESTRELLA GALICIA – NOITE DE GALICIA

22.00 h O FIADEIRO

23.30 h TANXUGUEIRAS

01.00 h LEILÍA

02.30 h ANDRÉS PENABAD BAND

2.1 ACTUACIÓNS ESCENARIO “ESTRELLA GALICIA”

XOVES 11 XULLO

- TÚA, DEQUENVESENDO E YUKI KOJIMA BAND (FINALISTAS RUNAS 2019)
- GWENDAL - Bretaña
- STOLENNOTES - Andalucía

VENRES 12 XULLO

- PEOPLES FORD BOGHALL & BATHGATE CALEDONIA PIPE BAND - Escocia
- ESCOLA DE GAITAS DE ORTIGUEIRA - Galicia
- THE MOVING HEARTS - Irlanda
- ANXO LORENZO BAND - Galicia
- PROJECT SMOK - Escocia

SÁBADO 13 XULLO

- BAGAD KERLENN PONDI - Bretaña
- DOMINIC GRAHAM SCHOOL OF IRISH DANCE - Irlanda
- SHOGLENIFTY - Escocia
- FLOOK - Inglaterra
- BELTAINE - Polonia

DOMINGO 14 XULLO – NOITE DE GALICIA

- A.C. O FIADEIRO
- TANXUGUEIRAS
- LEILÍA
- ANDRÉS PENABAD Band

2.2 BANDAS DE GAITAS E ACTIVIDADES MUSICAIS A PÉ DE RÚA

Unha das características do Festival de Ortigueira é a participación de **centos de gaiteiros e músicos a través das diferentes agrupacións de bandas de gaitas** que acoden cada edición. Temos confirmada para este 2019 a presenza de diversas bandas

VENRES 12 XULLO

12.30 h. Pasacalles
Avda. Escola de Gaitas (Gadis) – Avda. As Pontes - Alameda.

13 h. Pasacalles
Biblioteca – R/ X. Buíde – R/ Eugenio Lopez - R/Fco Santiago - Cantón – Alameda.

18.30 h. Pasacalles
Biblioteca – R/Xose Buide – Avda. Escola de Gaitas – Avda. Cuba - Cantón.

19.30 h. Pasacalles
R/ Magdalena -R/Carmen - Cantón - Alameda.

SÁBADO 13 DE XULLO

12.30 h. Pasacalles
Avda. Escola de Gaitas (Gadis) - Avda. As Pontes - Alameda

13.30 h. Pasacalles
Biblioteca - R/Xose Buide - Avda. Penela.

18.30 h. Pasacalles
Biblioteca - R/Xose Buide - R/Eugenio López - R/ Fco Santiago - Cantón - Alameda.

19.30 h. Pasacalles
Biblioteca - R/Xose Buide - Avda. Escola de Gaitas - Avda. Cuba - Cantón.

DOMINGO 14 DE XULLO

11.30 h. DESFILE DE BANDAS DAS NACIÓNS CELTAS
Alameda - Avda. As Pontes. Avd. Escola de Gaitas (Gadis) - Avda. Escola de Gaitas - Cruce da Praia (A Perla)- R/Xose Buide - R/Fco Santiago - Cantón.

As bandas desfilarán facendo o seu percorrido polas rúas do casco urbano de Ortigueira

18 h. Praza do Concello
Actuación da Banda de Gaitas "Troula de Ortegal"

2.3 EXPOSICIÓN

Cada ano deséñanse **dúas exposicións** de diferente temática: unha para o claustro do Concello e outra para o Centro de Recepción, no porto.

Unha delas é de **fotografías** relacionadas co Festival e a outra exposición é dos **carteis** do Festival desde 1978.

Ademais, nesta edición 2019 contaremos tamén coa exposición dos **bosquejos do cartel** das 8 nacións celtas.

O horario das exposicións é de 12 a 20 h.

2.4 OBRADOIROS E CURSOS

Dentro do desenvolvemento das actividades do Festival no Mes de xullo, desenvólvense diferentes obradoiros de participación popular, para favorecer a comunicación, a difusión cultural e o coñecemento das diferentes nacións que conflúen na experiencia cultural que é o Festival de Ortigueira.

Os obradoiros planificados para este ano 2019 son:

VENRES (de balde)

Baile Irlandés, impartido polos membros da Dominic Graham School of Irish Dance.

Baile Bretón, impartido polos membros da Bagad Kerlenn Pondi.

SÁBADO (de balde)

Baile Asturiano

Baile Galego

Curso de Fotografía Documental de rúa

Máis información na web

2.5 FESTIVAL NO TEATRO, NA IGREXA E PRAZA DO CONCELLO

Iniciamos 2019 co concerto de **Callum Stewart Quartet**, abrindo a programación invernal, o sábado 19 de **xaneiro**, no Teatro de Beneficencia de Ortigueira. Igualmente en marzo, abril e maio programáronse os concertos de:

1 MARZO DOUBLE DOUBLE
13 ABRIL BACKWEST
31 MAYO ZOE CONWAY & JONH MC INTYRE

O festival no teatro segue en outubro: máis info na web

Dentro das actividades que se desenvolven durante o Festival de xullo, comezouse hai uns anos a facer **concertos na Igrexa parroquial e no Teatro de Beneficencia**, en horarios de tarde, para contribuir á participación e coñecemento da cultura dos países celtas e permitir outro tipo de actuacións que non teñen cabida no escenario principal. A isto sumamos desde este ano o **festival na praza do concello**.

Este ano 2019 as propostas son as seguintes:

Venres 12

FESTIVAL NA IGREXA DE SANTA MARTA

24 Instrumentos Populares Galegos

Xesús Vaamonde

Xosé Lois Romero

Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero preséntannos unha completa **viaxe** a través das ferramentas da tradición musical de Galicia: **os instrumentos populares galegos**.

FESTIVAL NA TEATRO DE BENEFICENCIA

Sábado 13

Concerto Anxo Lorenzo, + DubhLinn (Galicia - Irlanda)

DubhLinn son Blackie O Connell, Cyril O'Donoghue e Eoghan Neff.

Domingo 14

Programa da Radio Galega "Lume na Palleira", dirixido por Emilio Españadero.

FESTIVAL NA PRAZA DO CONCELLO

Venres 12, sábado 13 e domingo 14

Máis info na web

2.6 FEIRA ARTESANÍA

Funciona durante todos os días do Festival. Artesáns de toda España acoden cada ano a Ortigueira a expoñer e vender os seus produtos artesanais.

Xoves 11 de xullo ás 17 h ata madrugada do domingo 14 de xullo, **na zona da Alameda**

De 12 a 02 h, todos os días.

PROXECTO RUNAS: FINALISTAS 2019

Este concurso internacional no que participan grupos de procedencia nacional e internacional lévase convocando desde o ano 2000. Máis de 100 bandas de diferente procedencia pasaron xa por este concurso.

Os xaponeses **Yuki Kojima Band**, os galegos **Dequenvessendo** e os murcianos **Túa**, finalistas do Proxecto Runas 2019. Actuarán en Ortigueira o 11 de xullo, cada grupo percibirá ademais 1.500 € e terá a posibilidade de actuar en 2020.

A Comisión de selección para os finalistas do Proxecto Runas 2019, unha vez analizados os grupos finalistas, a súa música, afinación, son, afinidade co Festival, determinou que os tres grupos que deben pasar á final son os seguintes: **1º YUKI KOJIMA BAND – Xapón, 2º DEQUENVESSENDO – Galicia, 3º TÚA – Murcia.**

Sumáronse as votacións correspondentes a cada un dos membros do xurado, ás da páxina web e as correspondentes á presenza feminina nas formacións, segundo establecen as bases da convocatoria. As ditas puntuacións poden verse no documento adxunto.

Normas das votacións que se tiveron en conta para a puntuación final

- cada un dos xurados votou a seis grupos da listaxe, con 10, 8, 6, 4, 3 e 2 puntos sen poder repetir puntuacións.
- as votacións da web aplicaron o mesmo criterio segundo o número de votos recibidos.
- a presenza feminina foi aplicada en puntuación de 10 a 1 segundo figura nas bases, dando igual puntuación a aquellas bandas con igual porcentaxe de participación feminina.

A comisión de selección dos finalistas do Proxecto Runas 2019 estivo formada por:

- **Bruno Lozano**, licenciado en música tradicional pola Universidade de Vigo, músico e gaiteiro e presidente de la Escola de Gaitas de Ortigueira-
- **Elisardo de la Cruz**, director creativo de Empatía Comunicación e especialista en comunicación de marca.
- **Víctor Belho**, xestor cultural, produtor de ideas, e fundador de Nordesía Producións
- **Alberto Balboa**, coordinador e director do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

Os tres grupos actuarán no escenario Estrella Galicia do Festival o xoves 11 de xullo e percibirán un caché de **1.500 euros**. O xurado estará presente nos concertos para emitir o seu voto. **O grupo vencedor actuará tamén en 2020**, por cuxa actuación recibirá un caché de **3.000 euros**. O fallo do xurado darase a coñecer publicamente durante o festival, nos medios de comunicación e directamente aos grupos, ademais da páxina web e redes sociais.

RELACIÓN DE BANDAS 2019

XOVES 11 XULLO

GWENDAL



Mítico grupo do renacemento celta dos anos 70, con doce álbuns editados, un disco de ouro e un **Premio Charles Cros**, viaxa durante máis de 40 anos polos principais escenarios de Europa e especialmente de España, onde estableceron unha forte relación emocional. As súas **composicións instrumentais están inspiradas en melodías populares** co apoio do ritmo do jazz e os acentos do rock, rexistrados na historia da música celta a través dos discos en estudio.

O grupo, carecía na súa carreira da gravación en viva testemuña da complicidade e a calidez entre os músicos e o seu público entusiasta. Este CD-DVD "en vivo" gravado no festival de Getxo tamén foi unha oportunidade para convidar a catro das artistas más importantes da escena celta española para asistir a esta fusión festiva de culturas.

<http://gwendar.eu>
<https://www.facebook.com/gwendargrupo/>

STOLENNOTES



Nacen como formación en 2006 en **Sevilla**, no seo das chamadas **jam sessions de música folk** que, como en tantos outros lugares do mundo, practícanse semanalmente nos pubs irlandeses. En 2009 gravan o álbum de presentación, (xa esgotado) co que conseguén varios premios en concursos como no Folkez Blai de Ermua, o Festival Folk de Plasencia e nos Festivais PRAU de Cantabria.

En 2011 alzánse co Primeiro premio do concurso Runas do Festival Internacional do Mundo celta de Ortigueira (A Coruña), galardón que supón un trampolín para a carreira do grupo. En 2013 publican "**The Loot**", o seu segundo traballo, gravado entre Sevilla, Glasgow e Oviedo. Contan coa colaboración de músicos recoñecidos mundialmente no Folk como Rubén Bada (Bouzouki) e o violinista escocés Rua MacMillan.

En **2018** o son do grupo renóvase e publican o terceiro álbum "**The Ocean Road**" co que actualmente están de xira de presentación, conmemorando as súas más de dez anos de formación. Entre os numerosos concertos, destaca a participación en festivais como Irish Fleadh de Cáceres, Festival de Ortigueira, Festival das Máscaras (Lisboa), Noites nos Xardíns do Real Alcázar (Sevilla), Festival Celta de Zaragoza, Festival Intercéltico de Occidente (Asturias), Sons Do Atlántico (Lagoa, Portugal), Catalunya Celta (Baga, Barcelona), Universo Folk (Teatro Campoamor, Oviedo)...

<http://www.stolen-notes.com/>

https://www.facebook.com/pg/stolennotesmusic/about/?ref=page_internal

<https://www.youtube.com/channel/UCwlxItQAqC44s1dyf8HcUpg>

